# desigualdades



## UN PERCORRIDO POLAS SITUACIÓNS DE DESIGUALDADE NOS PAÍSES EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO

**Fotografías de:**
Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)
Imágenes Solidarias
The Animal's House

**www.desafiosdelmilenio.org**

Un proxecto de:
mundo cooperante

Apoiado por:
XUNTA DE GALICIA
cooperacióngalega

# ¿que é?

A desigualdade social refírese ao diferente acceso que teñen as persoas aos recursos. Por recursos entendemos algúns como os recursos sanitarios, os educativos ou as infraestruturas. A desigualdade provoca que, por exemplo, millóns de persoas vivan no mundo sen acceso a unha fonte de auga potable.

## un momento para a reflexión

UN NENO DE ETIOPÍA TEN 30 VECES MÁIS PROBABILIDADES DE MORRER ANTES DE CUMPRIR OS CINCO ANOS QUE UN NENO DE EUROPA OCCIDENTAL.[1]

# DESIGUALDADE SOCIAL



## ¿sabías que?

Existe un indicador para medir o desenvolvemento dos países que se chama Índice de desenvolvemento humano (IDH). Este indicador calcúlase a través de tres variables: a esperanza de vida, como indicador dunha vida longa e saudable; a educación da poboación; e o nivel económico da poboación. Permítenos ver as diferenzas e/ou desigualdades existentes entre os países. Desta forma, os países divídense en nivel de desenvolvemento alto, medio e baixo.





Os países máis desenvolvidos son Noruega, Australia e Nova Zelandia e os que menos Níxer, República Democrática do Congo e Zimbabwe.[2]

para velo con datos

| | NORUEGA | ZIMBABWE |
|---|---|---|
| ESPERANZA DE VIDA AO NACER | 81 anos | 47 anos |
| ANOS DE EDUCACIÓN (MEDIA) | 12 | 7 |
| INGRESO NACIONAL BRUTO PER CÁPITA | 58.810 $ | 176 $ |

## ¿sabías que?

No ano 2000, desde Nacións Unidas púxose en marcha unha iniciativa denominada os "Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio", que intenta mellorar a vida de millóns de persoas nos países en vías de desenvolvemento. Os obxectivos son 8 e loitan para:

**8 obxetivos de Desenvolvemento do Milenio**

1. TERMINAR COA POBREZA
2. PROMOVER A EDUCACIÓN UNIVERSAL
3. TRABALLAR POLA IGUALDADE DE XÉNERO
4. REDUCIR A MORTALIDADE INFANTIL
5. MELLORAR A SAÚDE MATERNA
6. COMBATER O VIH/SIDA E OUTRAS ENFERMIDADES
7. GARANTIR A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO AMBIENTE
8. FOMENTAR UNHA ALIANZA MUNDIAL PARA O DESENVOLVEMENTO

[1] Unicef: www.unicef.org
[2] PNUD: "Informe de Desenvolvemento Humano 2010"

mundo cooperante
XUNTA DE GALICIA
cooperacióngalega

## ¿que é o xénero?

Hai que saber que sexo non é o mesmo que xénero. Mentres o primeiro fai referencia ás diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres, o xénero refírese aos trazos que cada sociedade asigna aos homes e mulleres, é dicir, o papel que desempeña cada un na sociedade.

## un momento para a reflexión

**¿QUE MUNDO PODEMOS CREAR SE NON SE TEÑEN EN CONTA AS OPINIÓNS E OS DEREITOS DO 50% DA POBOACIÓN, É DICIR, DAS MULLERES?**

# DESIGUALDADE DE XÉNERO

## ¿sabías que?

En ningunha sociedade as mulleres gozan das mesmas oportunidades que os homes.[1] Xa que logo, vemos que a desigualdade entre homes e mulleres dáse en todo o mundo, pero é certo que é máis grave nos países en desenvolvemento.



## algunhas situacións que nos dan pistas desta desigualdade son:



**A POBREZA TEN ROSTRO DE MULLER: O 70% DAS PERSOAS QUE VIVEN CON MENOS DE 1 DÓLAR AO DÍA NO MUNDO SON MULLERES.**

**NO ASPECTO ECONÓMICO, "AS MULLERES REALIZAN O 66% DE TRABALLO NO MUNDO, PRODUCEN O 50% DOS ALIMENTOS, PERO GAÑAN UN 10% DOS INGRESOS E POSÚEN O 1% DA PROPIEDADE."[2]**

**NO ÁMBITO POLÍTICO, SÓ O 16% DOS PARLAMENTARIOS DO MUNDO SON MULLERES.**

**SE FALAMOS DE EDUCACIÓN, DOUS TERZOS DOS NENOS QUE NON ASISTEN Á ESCOLA SON NENAS.**

**A VIOLENCIA CONTRA A MULLER DÁSE EN TODOS OS PAÍSES E EN NUMEROSOS CONTEXTOS: OS MALOS TRATOS FÍSICOS E PSICOLÓXICOS DA VIOLENCIA DE XÉNERO, A TRATA DE PERSOAS, A EXPLOTACIÓN SEXUAL, A VIOLACIÓN E O SECUESTRO COMO ARMA DE GUERRA, ETC.**

**ESPAÑA**
Máis de 400.000 mulleres sofren violencia de xénero.

**ARABIA SAUDITA**
As mulleres non teñen dereito ao voto.

**CHINESA**
Séguense practicando abortos selectivos, eliminando os fetos de sexo feminino.

**MALI**
O 90% das mulleres deste país sufriu a mutilación xenital, rito de paso de nena á idade adulta.

**UNIÓN EUROPEA**
Os salarios das mulleres seguen sendo inferiores aos dos homes.

**SERRA LEONA**
A esperanza de vida das mulleres é a máis baixa de todo o mundo: 45 anos.

**MOLDAVIA**
É un dos países onde se rexistra maior tráfico de mulleres para a prostitución.

**INDIA**
A violación dentro do matrimonio non se considera delito.

**BURKINA FASO**
As mulleres non teñen control sobre decisións fundamentais como solicitar asistencia médica ou decidir cando quedan embarazadas.

**SIRIA**
A taxa de desemprego feminino triplica a do masculino.

## un percorrido global pola situación da muller no mundo

1 Informe de desenvolvemento humano 1995 Nacións Unidas
2 www.[illegible]

mundo cooperante · Xunta de Galicia · cooperacióngalega

## ¿que é a pobreza?

A pobreza é a privación das oportunidades e as opcións máis básicas para o desenvolvemento humano.
De forma cuantitativa, dise que unha persoa vive por baixo do limiar da pobreza cando o fai con menos dun dólar ao día.

## un momento para a reflexión

**¿QUE PODEMOS COMPRAR NÓS POR**  **?**



**ODM 1**

**ERRADICAR A POBREZA EXTREMA E A FAME**

# POBREZA E FAME

## analizando os datos da fame

Nos últimos 50 anos a produción de alimentos en todo o mundo aumentou un 25%, moito máis que o crecemento da poboación mundial. A pesar diso, en 2009 alcanzáronse os 1.000 millóns de persoas que sofren fame crónica, ¿cres que durante estes anos avanzouse na loita contra a fame? ¿Que accións cres que se poden levar a cabo para loitar contra a desnutrición?






A GRAFICA AMOSA ONDE HABITAN AS PERSOAS (EN MILLÓNS) QUE SOFREN A FAME (2010)[1]



## a fame crónica:

As persoas que pasan fame de forma crónica están subnutridas, é dicir, non comen o suficiente para ter a enerxía necesaria. Isto dificúltalles calquera actividade mental ou física que requira un esforzo. A subnutrición é especialmente prexudicial para as mulleres e os nenos. A fame constante debilita o sistema inmunolóxico e failles máis vulnerables a enfermidades e infeccións.[2]

## ¿sabías que?

**MÁIS DE 1.200 MILLÓNS DE PERSOAS NO MUNDO VIVEN CON MENOS DUN DÓLAR AO DÍA.**

**O 70% DOS POBRES DO MUNDO SON MULLERES E NENAS.**

**ESTE ANO MÁIS DE 195 MILLÓNS DE NENOS SUFRIRÁN DESNUTRICIÓN.**

**A DESNUTRICIÓN CONTRIBÚE POLO MENOS NUN TERZO DAS OITO MILLÓNS DE MORTES DE NENOS MENORES DE 5 ANOS POR ANO.**

**OS "PUNTOS CRÍTICOS DA DESNUTRICIÓN" DO MUNDO SON O CORNO DE ÁFRICA, O SAHEL E O SUR DE ASIA.**

1 www.fao.org
2 www.fao.org

## reflexiona

A EDUCACIÓN É UN INSTRUMENTO DE CAMBIO E DE OPORTUNIDADE. SE A UNHA PERSOA NEGÁMOSLLE O ACCESO A UNHA EDUCACIÓN DE CALIDADE, ESTÁSELLE LIMITANDO DE FORMA DRÁSTICA O SEU DESENVOLVEMENTO PERSOAL E O DA SÚA COMUNIDADE.

"SE A TOTALIDADE DOS ALUMNOS DOS PAÍSES DE INGRESOS BAIXOS TERMINASEN OS SEUS ESTUDOS PRIMARIOS HABENDO ADQUIRIDO COMPETENCIAS BÁSICAS EN LECTURA, PODERÍAN SAÍR DA POBREZA 171 MILLÓNS DE PERSOAS. ISTO SUPORÍA REDUCIR NUN 12% O NÚMERO DE PERSOAS QUE VIVEN CON MENOS DE 1,25 DÓLARES DIARIOS".

**ODM 2**

LOGRAR O ENSINO PRIMARIO UNIVERSAL

# EDUCACIÓN UNIVERSAL



## todo neno ten dereito

á educación e é obrigación do Estado asegurar polo menos a educación primaria gratuíta e obrigatoria. A aplicación da disciplina escolar deberá respetar a dignidade do neno en canto persoa humana.
(Art. 28. "Convención sobre os dereitos do neno" UNICEF)

## desigualdade e educación

EXISTEN UNHA SERIE DE CIRCUNSTANCIAS QUE OBSTACULIZAN O ACCESO DOS MENORES Á EDUCACIÓN, PROVOCANDO UNHA DESIGUALDADE QUE AFECTARÁ AO RESTO DAS SÚAS VIDAS E AO SEU DESENVOLVEMENTO



**A POBREZA**
Que limita a capacidade das familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización.

**O TRABALLO INFANTIL**
Que practican máis de 115 millóns de nenos no mundo e que dificulta o estudo dos menores.

**O GRUPO DE PERTENZA**
Os nenos que pertencen a unha minoría étnica, un grupo indíxena ou unha casta baixa ingresan na escola con poucas posibilidades de éxito.

**SITUACIÓN XEOGRÁFICA**
Se vives nun barrio de chabolas, nunha zona rural ou nun país onde existe un conflito armado, as túas oportunidades de acceder á educación redúcense enormemente.

**A DISCAPACIDADE**
Que afecta a 150 millóns de nenos en todo o mundo, dos que o 80% vive en países en desenvolvemento, constitúe un verdadeiro hándicap para acceder a unha educación de calidade.

**O VIH/ SIDA**
Que continúa sendo un estigma para os 2 millóns de nenos que o padecen e que se lles pode denegar o acceso á escola.

## ¿sabías que?

ACTUALMENTE 72 MILLÓNS DE NENOS NO MUNDO CONTINÚAN SEN ESCOLARIZARSE, SENDO UN 58% NENAS.

O NÚMERO DE ADULTOS ANALFABETOS É DE 759 MILLÓNS, DOS CALES DOUS TERZOS SON MULLERES.

MÁIS DA METADE DOS NENOS SEN ESCOLARIZAR CONCÉNTRANSE EN 15 PAÍSES (SITUADOS EN ÁFRICA, ASIA E SURAMÉRICA).

## reflexiona

SE ES NENA, NACICHES NUN PAÍS EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO, ES POBRE E TES UNHA DISCAPACIDADE, ¿CANTO CRES QUE SE REDUCEN AS TÚAS POSIBILIDADES DE ACCEDER A UNHA EDUCACIÓN?

## reflexiona

O TERCEIRO OBXETIVO DE DESENVOLVEMENTO DO MILENIO FALA DE PROMOVER A IGUALDADE DE XÉNERO E A AUTONOMÍA DA MULLER.

¿CRES QUE É NECESARIA ESTA IGUALDADE PARA O BENESTAR DE TODOS E TODAS NO MUNDO? ¿POR QUÉ?

**ODM 3**
PROMOVER A IGUALDADE DE XÉNERO E A AUTONOMÍA DA MULLER

# IGUALDADE DE XÉNERO

## ¿sabías que?

A loita polos dereitos da muller remóntase a séculos atrás, pero que nos últimos anos existe un movemento por empoderar á muller.





## ¿e que significa empoderar?

O EMPODERAMIENTO DA MULLER TEN CINCO COMPOÑENTES:

1. Sentido de autoestima da muller.
2. O seu dereito a exercer e determinar opcións.
3. O seu dereito a ter acceso a oportunidades e recursos.
4. O seu dereito a poder para controlar a súa propia vida, tanto dentro do fogar como fora dese.
5. E a súa capacidade para determinar a orientación do cambio social para crear unha orde económica e social máis xusta a nivel nacional e internacional.[1]

## os datos para a esperanza

HAI MOITÍSIMAS PERSOAS NO MUNDO QUE TRABALLAN POLOS DEREITOS DA MULLER:

algúns exemplos

A IGUALDADE DA MULLER CONTRIBÚE DE XEITO SIGNIFICATIVO Á REDUCIÓN DA POBREZA: SUPÓN INGRESOS FAMILIARES ADICIONAIS E TAMÉN FACILITA MELLORAS NOUTROS ASPECTOS, COMO A EDUCACIÓN OU A SAÚDE.[2]

DENDE A ONU, AVÓGASE PORQUE "DEBEMOS FACER FRONTE COMÚN. A VIOLENCIA CONTRA A MULLER NON PODE SER TOLERADA, EN NINGUNHA FORMA, EN NINGÚN CONTEXTO, EN NINGUNHA CIRCUNSTANCIA, POR NINGÚN DIRIXENTE POLÍTICO NIN POR NINGÚN GOBERNO" (BAN KI-MOON, SECRETARIO XERAL)

EXISTEN NUMEROSOS PROXECTOS NOS PAÍSES EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO E DESENVOLVIDOS, DIRIXIDOS A MULLERES E NENAS:

### ACTUAR POR BOLÍVAR

Unha entidade colombiana, ofrece acceso a microcréditos para mulleres microempresarias, axudándolles a saír do círculo da pobreza.

### TASARU NTOMONOK

En Kenia, loita contra a mutilación xenital feminina e os matrimonios temperáns concertados, dúas prácticas demasiado comúns nalgunhas zonas de África.

### EQUALITY NOW

Loita pola igualdade de dereitos da muller en todo o mundo, facendo fincapé na situación desfavorable da muller nos países en vías de desenvolvemento.

[1] PNUD (2008): "Estratexia de igualdade de xénero 2008-2011"
[2] www.manosunidas2015.org/objetivos/promover-la-igualdad-entre-generos

**ODM 4**

**REDUCIR PARA O 2015 A MORTALIDADE DOS NENOS MENORES DE 5 ANOS**

# MORTALIDADE INFANTIL

## ¿que é a taxa de mortalidade infantil?

É a taxa que indica a probabilidade de morte dun suxeito durante os seus primeiros anos de vida. Para calculala emprégase a seguinte fórmula:

$$TMI = \frac{\text{Nº DE DEFUNCIÓNS DE MENORES DE 5 ANOS} \times 1.000}{\text{Nº TOTAL DE NACEMENTOS}} \text{ AO ANO}$$



## observa

**COMPARA AS CIFRAS DE MORTALIDADE INFANTIL EN MENORES DE 5 ANOS POR ÁREAS XEOGRÁFICAS E VALORA A DESIGUALDADE EXISTENTE ENTRE AS DIFERENTES ÁREAS XEOGRÁFICAS.**



**TAXA DE MORTALIDADE DE MENORES DE 5 ANOS POR CADA 1000 NENOS NADOS VIVOS, 1990 Y 2008**




## ¿sabías que?

**NO 2008, CATRO ENFERMIDADES: NEUMONÍA, DIARREA, MALARIA E SIDA FORON RESPONSABLES DO 43% DE TODAS AS MORTES A NIVEL MUNDIAL DE NENOS MENORES DE 5 ANOS.**



**A MORTALIDADE INFANTIL ESTÁ ESTREITAMENTE VINCULADA Á POBREZA: O 99% DAS MORTES DOS MENORES DE CINCO ANOS OCORRE NOS PAÍSES POBRES.**

**PRETO DA METADE FALECERON EN 5 PAÍSES: INDIA, NIXERIA, REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO, PAQUISTÁN E CHINA.**

**O 70% DESTAS MORTES OCORREN DURANTE O PRIMEIRO ANO DE VIDA.**

**ÁFRICA SUBSAHARIANA SEGUE CONCENTRANDO AS TAXAS MÁIS ALTAS: 1 DE CADA 8 NENOS FALECE ANTES DE CUMPRIR OS CINCO ANOS.[1]**

**2/3 DOS NENOS E NENAS SEN VACINAR VIVEN EN TAN SÓ 6 PAÍSES: CHINA, REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO, A INDIA, INDONESIA, NIXERIA E PAQUISTÁN.[2]**

## ¿como se pode reducir a mortalidade infantil de aquí ao 2015?

A maioría dos nenos poden salvarse con medidas de prevención e tratamento de baixo custo (antibióticos, rehidratación oral para diarrea, vacinacións e uso de redes para mosquitos tratadas con insecticida, así como administración de medicamentos para malaria).
Existen varias entidades e organismos que traballan para combater estas mortes infantís.



[1] UNICEF
[2] www.nacionesunidas2015.org

mundo cooperante · XUNTA DE GALICIA · cooperacióngalega

# ¿que é a saúde materna?

Lograr unha boa saúde materna require contar con servizos de saúde reprodutiva de alta calidade e cunha serie de intervencións ben sincronizadas para asegurar que a muller segue un camiño seguro cara á maternidade. O non facelo provoca centos de miles de mortes innecesarias ano tras ano, o cal é un triste recordatorio do baixo status asignado ás mulleres en moitas sociedades.[1]

## reflexiona

O MOMENTO DO PARTO É SEMPRE UN MOMENTO FELIZ, POLO MENOS NO NOSO PAÍS NO QUE A TAXA DE RISCO DE MORTALIDADE MATERNA É DE 1 ENTRE 16.400 ALUMEAMENTOS. CON TODO, NOS PAÍSES EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO, ESTE MOMENTO CONSTITÚE UN ENORME RISCO PARA A NAI; POR EXEMPLO, EN NÍXER, ESA TAXA DE MORTALIDADE MATERNA AUMENTA A 1 DE CADA 7 MULLERES.

**ODM 5**
MELLORAR A SAÚDE MATERNA

# SAÚDE MATERNA

## a desigualdade en cifras

¿Cantas mulleres coñeces que estean embarazadas e que non sexan atendidas por persoal médico especializado durante o seu embarazo? A OMS (Organización Mundial da Saúde) e UNICEF din que as atencións sanitarias profesionalizadas durante o embarazo han de ser un mínimo de 4. Con todo, en áreas rurais de Asia, o 75% das mulleres non chegan a ese mínimo de atención sanitaria.



## mellores e peores países para ser nai[2]



| OS MELLORES PAÍSES PARA SER NAI | | OS PEORES PAÍSES PARA SER NAI | |
|---|---|---|---|
| 001 | Suecia | 148 | Malí |
| 002 | Noruega | 149 | Djibuti |
| 003 | Australia | 150 | Eritrea |
| 004 | Islandia | 151 | Angola |
| 005 | Dinamarca | 152 | Sudán |
| 006 | Nova Zelandia | 153 | Yemen |
| 007 | Finlandia | 154 | República Democrática do Congo |
| 008 | Irlanda | 155 | Guinea-Bissau |
| 009 | Alemaña | 156 | Chad |
| 010 | Holanda | 157 | Serra Leona |
| 011 | España, Francia | 158 | Níxer |

## ¿sabías que?

A FALTA DE PLANIFICACIÓN FAMILIAR E O ESCASO ACCESO Á EDUCACIÓN REPRODUTIVA VAI EN PREXUÍZO DAS MULLERES PORQUE:

EXPONAS A SITUACIÓNS DE EMBARAZOS CONTINUADOS QUE PODEN RESULTAR PREXUDICIAIS PARA A SÚA SAÚDE, A MAIORÍA DELES NON DECIDIDOS POR ELAS.

NON EVITA OS EMBARAZOS DE MOITAS ADOLESCENTES, AS CALES NON ADOITAN ATOPARSE EN CONDICIÓNS ÓPTIMAS PARA DAR A LUZ E ENCARGARSE DOS SEUS BEBÉS.

DÉIXAAS NUNHA SITUACIÓN DE INFERIORIDADE RESPECTO AO USO DE ANTICONCEPTIVOS, QUE PODEN EVITAR OS EMBARAZOS E A TRANSMISIÓN DE ENFERMIDADES.

## un exemplo

AFGANISTÁN É CONSIDERADO TAMÉN UN DOS PEORES PAÍSES PARA SER NAI, PORQUE:

SÓ O 15% DOS PARTOS SON ATENDIDOS POR PERSOAL SANITARIO FORMADO.

1 DE CADA 7 MULLERES PERDE A VIDA DURANTE O PARTO.

1 DE CADA 4 NENOS NON CHEGA A CUMPRIR OS 5 ANOS.



[1] ONU (2009): "Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Informe 2009"
[2] www.savethechildren.es

mundo cooperante · Xunta de Galicia · cooperacióngalega

## lembrando

O VIH (Virus de Inmunodeficiencia Humana) é o virus que provoca a enfermidade do SIDA (Síndrome da Inmuno-Deficiencia Adquirida), a cal debilita enormemente o sistema inmunolóxico das persoas que a padecen. Non todo o que se contaxia do VIH desenvolve a enfermidade da SIDA, pero si que pode transmitir o virus.

## ¿que é o paludismo?

O paludismo ou malaria é unha enfermidade tropical causada por un parásito (Plasmodium), que se transmite a través da picadura de mosquitos infectados. No organismo humano, os parásitos multiplícanse no fígado e infectan os glóbulos vermellos, alterando o achegue de sangue a órganos vitais.[1]

**ODM 6**

COMBATER O VIH/ SIDA, O PALUDISMO E OUTRAS ENFERMIDADES

# O VIH/SIDA, O PALUDISMO E OUTRAS ENFERMIDADES

## a verdadeira desigualdade no tratamento e prevención das enfermidades

Bota unha ollada aos mapas de incidencia do VIH/SIDA e Paludismo (ou malaria). Poderás comparar o designal impacto que teñen estas enfermidades nos diferentes países.









## ¿sabías que?

**A SIDA É UNHA DAS ENFERMIDADES QUE PROVOCA MAIOR ESTIGMATIZACIÓN SOCIAL.**

**40 MILLÓNS DE PERSOAS TEÑEN O VIH/ SIDA.**

**MÁIS DE 17 MILLÓNS DE MENORES PERDERON Á SÚA NAI OU AOS SEUS DOUS PROXENITORES POR CULPA DESTA ENFERMIDADE.**

**O VIH/ SIDA AFECTA SOBRE TODO A MOZOS DE 15 A 25 ANOS. UN TOTAL DE 11,8 MILLÓNS, DOS QUE 7,3 MILLÓNS SON MULLERES E 4,5 MILLÓNS HOMES.[2]**

**AS MULLERES SON MOITO MÁIS VULNERABLES Á ENFERMIDADE POR DIVERSAS CAUSAS, ENTRE AS QUE DESTACA A VIOLENCIA CONTRA ELAS.**

**MENOS DA METADE DAS PERSOAS INFECTADAS POR VIH TEÑEN ACCESO A TERAPIA ANTIRRETROVIRAL NOS PAÍSES EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO.**

**HAI NO MUNDO ENTRE 300 E 500 MILLÓNS DE CASOS DE PALUDISMO.**

**O PALUDISMO PROVOCA MÁIS DUN MILLÓN DE MORTES INFANTÍS AO ANO.**

**EXISTEN DOUS DÍAS PROCLAMADOS POLA ONU PARA LEMBRAR A LOITA CONTRA ESTAS ENFERMIDADES: O 1 DE DECEMBRO, PARA A SIDA E O 25 DE ABRIL PARA O PALUDISMO.**

> *"A igualdade de xénero debe converterse en parte do noso ADN, no centro de todas as nosas accións. Para iso, necesitamos unha revolución social. Abordar a igualdade de xénero coma un dereito humano é un imperativo para o desenvolvemento; é o puntal principal desta revolución. Non só é necesario para a xustiza social, senón tamén para alcanzar o acceso universal á prevención, ao tratamento, á atención e o apoio do VIH."*

MICHEL SIDIBÉ,
Director Executivo de ONUSIDA, Día Internacional da Muller de 2009

[1] Organización Mundial da Saúde
[2] ONUSIDA
[3] UNICEF

## aclarando conceptos

Tendemos a identificar o medio ambiente có ámbito natural, pero o medio ambiente comprende o conxunto de circunstancias exteriores ao ser humano, é dicir, é todo o que nos rodea.
Xa que logo, hai un medio ambiente natural, outro urbano, rural, mariño, etc.

IMOS ABORDAR DÚAS TEMÁTICAS IMPORTANTES RESPECTO AO MEDIO AMBIENTE: O CAMBIO CLIMÁTICO E O ACCESO A SERVIZOS BÁSICOS DE SANEAMENTO

**ODM 7**
GARANTIR A SOSTENTABILIDADE DO MEDIO AMBIENTE

# MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO



## o cambio climático: o desigual impacto dun problema global

Uns datos para a reflexión: Os países desenvolvidos emiten por persoa e ano catro veces máis cantidade de dióxido de carbono á atmosfera que os países en desenvolvemento, con todo, as consecuencias máis graves dos efectos do cambio climático, producido por esas emisións, son para os países en desenvolvemento, porque:

VEN REDUCIDA A SÚA BIODIVERSIDADE DE FORMA DRÁSTICA, DE FEITO A MAIOR PARTE DAS ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN ATÓPANSE NOS PAÍSES EN DESENVOLVEMENTO.

A DEFORESTACIÓN DOS SEUS BOSQUES VAI EN AUMENTO, SENDO OCEANÍA, AMÉRICA LATINA E O SURESTE ASIÁTICO AS ÁREAS MÁIS AFECTADAS

SOFREN EN MAIOR MEDIDA AS DEVASTADORAS CONSECUENCIAS DOS CAMBIOS DO CLIMA (TERREMOTOS, TORMENTAS, CICLÓNS, ETC)

LIMÍTASE O SEU ACCESO ÁS FONTES DE AUGA POTABLE, QUE AFECTA A SÚA SUPERVIVENCIA.



## o medio ambiente urbano e a desigualdade

o acceso aos servizos básicos de saneamento especialmente no que se coñece como barrios de chabolas.

¿sabías que?

NO ÁFRICA SUBSAHARIANA E EN ASIA MERIDIONAL, CASE O 70% DA POBOACIÓN CARECE DE INSTALACIÓNS SANITARIAS BÁSICAS.

MÁIS DE 800 MILLÓNS DE PERSOAS VIVEN EN BARRIOS DE CHABOLAS OU TUGURIOS.

NA ZONA DO ÁFRICA SUBSAHARIANA MÁIS DUN 60% DA POBOACIÓN URBANA VIVE NESTES BARRIOS MARXINAIS.

NAS ZONAS EN CONFLITO, DEBIDO AOS DESPRAZAMENTOS DA POBOACIÓN, A PORCENTAXE DE XENTE QUE VIVE EN BARRIOS MARXINAIS CHEGA ATA O 77%.





mundo cooperante
Xunta de Galicia
cooperación galega

**ODM 8**

FOMENTAR UNHA ALIANZA MUNDIAL PARA O DESENVOLVEMENTO

# TRABALLAR PARA COMBATER A DESIGUALDADE



## ¿Unha alianza mundial para o desenvolvemento?

O ODM 8 establece que todos os países deben traballar xuntos para a erradicación da pobreza. ¿Como?

**OS PAÍSES DESENVOLVIDOS HAN DE ACHEGAR MÁIS E MELLOR AXUDA AO DESENVOLVEMENTO, ALIVIAR A DÉBEDA EXTERNA E ABRIR O COMERCIO AOS PAÍSES MÁIS POBRES.**

**OS PAÍSES EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO HAN DE FORTALECER AS SÚAS INSTITUCIÓNS E DESEÑAR UNHAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO QUE GARANTAN SERVIZOS SOCIAIS BÁSICOS E ADECUADOS AOS SEUS CIDADÁNS.[1]**

## o papel dos Estados:

A Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) é a transferencia de recursos de orixe pública entregada directamente, ou a través doutras institucións, en favor dos países en desenvolvemento. Esa axuda debe acompañarse con outras medidas, por exemplo, aliviar a débeda dos países en desenvolvemento para facela sostible a longo prazo, desenvolver un sistema comercial e financeiro máis aberto e non discriminatorio.

## ¿sabías que?

**OS PAÍSES DESENVOLVIDOS PROMETERON, XA EN 1970, DESTINAR O 0,7% DA SÚA RIQUEZA PARA AOD. HOXE, 37 ANOS DESPOIS, SÓ 5 PAÍSES CUMPRIRON A SÚA PROMESA (DINAMARCA, LUXEMBURGO, HOLANDA, NORUEGA E SUECIA).**

**O A PORCENTAXE QUE DESTINA ESPAÑA PARA AOD É DO 0,5%, AÍNDA QUE ESTE DIMINUIRÁ AO 0,4% DEBIDO Á CRISE E A AXUSTES ECONÓMICOS.**

## o papel do sector privado

é tamén moi importante. En primeiro lugar, os Estados en colaboración coas empresas farmacéuticas terían que incrementar o acceso a medicamentos alcanzables. Por outra banda, nesta sociedade da información e a comunicación, a empresa privada debe colaborar para combater a brecha tecnolóxica e dixital entre países.

un exemplo

O acceso a Internet en España é bastante común, ¿non? Pois mira o gráfico e valora que pasa nos países en vías de desenvolvemento.[3]




## Pero, hai que lembrar que

> *"Garantir o desenvolvemento humano e sostible de todos os pobos para esta xeración, e para as próximas, non parece que poida lograrse dende a acción particular dos Estados. Dependerá directamente da capacidade da comunidade internacional para gobernarse internacionalmente, para acordar e xestionar os Bens Públicos Mundiais como tales.[2]"*

[1] [illegible]
[2] [illegible]
[3] [illegible]

XUNTA DE GALICIA

# VALORACIÓN DOS ODM

## UN INDICIO DE ESPERANZA[1]

### ODM 1

**ERRADICAR A POBREZA EXTREMA E A FAME**

Séguese progresando no que respecta á redución da pobreza, a pesar do importante revés que supuxo a crise económica, enerxética e alimenticia. Os países en vías de desenvolvemento aínda permanecen no camiño de acadar a meta de redución da pobreza para 2015. Espérase que a taxa total de pobreza disminúa un 15% para entón (920 millóns de persoas, a metade do que había en 1990)

### ODM 2

**LOGRAR O ENSINO PRIMARIO UNIVERSAL**

Rexistráronse avances significativos na escolarización infantil en moitos dos países máis pobres, a maioría deles no África Subsahariana.

### ODM 3

**PROMOVER A IGUALDADE DE XÉNERO E A AUTONOMÍA DA MULLER**

A igualdade de xénero e o empoderamiento da muller é un ODM crave e condición esencial para superar a pobreza, a fame e as enfermidades. Sen embargo, os avances a este respecto son lentos en todos os aspectos, dende a educación ata o poder de decisión política.

### ODM 4

**REDUCIR PARA O 2015 A MORTALIDADE DOS NENOS MENORES DE 5 ANOS**

A mortalidade infantil reduciuse en case 4 millóns de mortes menos, grazas ás importantes melloras e intervencións crave en temas como o control da malaria ou o VIH/SIDA, ou a inmunización contra o Xarampón.

### ODM 5

**MELLORAR A SAÚDE MATERNA**

A saúde materna é un dos temas nos que as diferenzas entre ricos e pobres son máis evidentes tanto na atención durante o parto, como no acceso a coidados sanitarios durante o embarazo.

### ODM 6

**COMBATER O VIH/ SIDA, O PALUDISMO E OUTRAS ENFERMIDADES**

O número de persoas que reciben terapia antirretroviral para o tratamento do VIH multiplicouse por 10 en cinco anos, ata chegar aos 4 millóns de persoas.Sen embargo, isto é só o 42% dos 8,8 millóns que necesitan tratamento.

### ODM 7

**GARANTIR A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO AMBIENTE**

O uso cada vez máis extendido de fontes melloradas de abastecemento de auga en zonas rurais reduciron as diferenzas que existían entre zonas rurais e urbanas. O cambio climático será un dos próximos grandes desafíos da humanidade.

### ODM 8

**FOMENTAR UNHA ALIANZA MUNDIAL PARA O DESENVOLVEMENTO**

A Declaración do Milenio é a promesa máis importante que xamais se fixo ás persoas máis vulnerables do mundo. As responsabilidades que se derivan dista declaración, xeraron un nivel sen precedentes de compromiso e colaboración para mellorar as vidas de miles de millóns de persoas, e para crear un ambiente que contribúa á paz e seguridade mundial.

# OS OBXETIVOS DE DESENVOLVEMENTO DO MILENIO AÍNDA SE PODEN ACADAR

[1] ONU (2010): "Obxectivos de desenvolvemento do milenio. Informe 2010". Nacións Unidas (extracto do discurso de Sha Zukang, Subsecretario Xeral de Asuntos Económicos e Sociais).

mundo cooperante · XUNTA DE GALICIA · cooperacióngalega